



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O dereito da competencia e a protección dos consumidores

CONVOCATORIA: IEP, 1ª convocatoria

GRUPO: Economía Pública (Formación Contínua)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 18/03/2025 - 09:00h ao 24/03/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓN

DESCRIPCIÓN CURSO

O artigo 38 da Constitución Española recoñece a liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado e a garantía e protección desta polos poderes públicos, de acordo coas esixencias da economía xeral e, no seu caso, da planificación. A existencia da economía de mercado disciplina a actuación das empresas e reasigna os recursos produtivos a favor dos operadores ou as técnicas más eficientes. Esta eficiencia produtiva trasládase ao consumidor na forma de menores prezos ou dun aumento da cantidade ofrecida dos produtos, da súa variedade e calidade, co conseguinte incremento do benestar do conxunto da sociedade.

Neste contexto, existe un acordo xeneralizado con respecto á crecente importancia da defensa da competencia, que se consolidou como un dos elementos principais da política económica na actualidade. Dentro das políticas de oferta, a defensa da competencia complementa a outras actuacións de regulación da actividade económica e é un instrumento de primeira orde para promover a productividade dos factores e da competitividade xeral da economía.

Resulta preciso coñecer un sistema que, sin intervir de forma innecesaria na libre toma de decisións empresariais, permita contar cos instrumentos axeitados para garantir o bo funcionamento dos procesos de mercado.

DESTINATARIOS

Persoa ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

PROGRAMA

Módulo I. O dereito da competencia.

- Competencia, eficiencia e economía de mercado
- Réxime xurídico: normativa comunitaria europea e española
- O marco institucional. Comisión europea, CNMC e autoridades autonómicas

Módulo II. As condutas prohibidas.

- Cártelos e intercambios de información. Análise particular doutros acordos de cooperación entre competidores.
- Abuso de posición dominante: posición de dominio. A posición dominante conxunta e o control dos oligopólios. Concepto e tipos de abuso. Abusos de exclusión. O problema dos prezos excesivos. Condutas abusivas nos mercados dixitais.
- O falseamento da libre competencia por actos deleais.

Módulo III. A aplicación das prohibicións.

- Procedementos ante a CE e a CNMC: prazos, fases, acceso; mecanismos de investigación; facultades da autoridade

da competencia; sancións. Revisión xudicial. O procedemento de clemencia.

- A aplicación privada: a nulidade. Indemnización de danos. A directiva 2014/104/UE e a súa trasposición ao Dereito español.

- Promoción da competencia: función divulgativa. Promoción da cultura da competencia. Programa de cumprimento (compliance).

Módulo IV. O control de concentracións

- Normativa aplicable: orixe e evolución

- Concepto de concentración: adquisición do control; cambios na natureza do control: empresas en participación.

- Concentracións e economía dixital. Plataformas dixitais: efectos de rede e big data.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN	INICIO / FIN: 28/04/2025 a 27/05/2025
NUM. PRAZAS: 50	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)
DOCENTES NOMEADOS	
DANIEL NEIRA BARRAL	
LUGAR DE REALIZACIÓN	
Proba final en liña.	